1 Mar. 2017

CONCELLO DE MEIRA
Praza do concello s/n.
27240 Meira
Lugo
Teléf/Fax.: 982 330 102
CIF: P2702900H
Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es

CONCELLO DE MEIRA (Lugo)
REXISTRO SAIDA
23 FEB. 2017
N.º 123

OFICIO.-

Por la presente, dando cumplimiento a lo ordenado en el fallo de la sentencia 4/2017, de 10 de enero del Juzgado de lo Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, recaída en el **Procedimiento Derechos Fundamentales 405/2016**, interpuesto por usted, contestando a su petición formulada mediante escrito con registro 1895/2016, de 19 de julio, con el presente acompaño certificación del Acuerdo Plenario de fecha 13 de febrero, por el que se acordó el cambio de las calles: Avda. Generalísimo y Avda. José Antonio por Avenida de Lugo y Avenida da cerca respectivamente, en aplicación de la obligación legal contenida en la Ley 52/2007, de 26 de diciembre.

Lo cual le comunico para su conocimiento y efectos, significándole que contra el acuerdo plenario notificado en este acto, podrá interponer directamente recurso contencioso administrativo ante el juzgado de lo Contencioso Administrativo de Lugo, en el plazo de dos meses a contar desde el día siguiente a esta notificación o, potestativamente, recurso de reposición ante el mismo órgano que adoptó el acuerdo, en el plazo de un mes a contar desde el siguiente a la notificación del mismo.

En Meira, a 23 de febrero de 2017.

O Alcalde

Excmo. CONCELLO ALCALDÍA MEIRA (Lugo)

Fdo. Antonio de Dios Alvarez

D. Eduardo Ranz Alonso
C/Ayala nº 4-7º dcha.
28001 Madrid

CONCELLO DE MEIRA
Praza do concello s/n
27240 Meira
Lugo
Teléf.: 982 330 102
Fax: 982 330 102
Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es

PILAR ROZAS ALONSO, SECRETARIA-INTERVENTORA ACCIDENTAL DO CONCELLO DE MEIRA (LUGO)

CERTIFICO:

Que o Pleno deste concello na sesión ordinaria celebrada o día 13 de febreiro de 2017, adoptou entre outros o seguinte acordo que literalmente se transcribe:

"4.-CAMBIO DE NOME DAS RÚAS: AVDA. DO GENERALÍSIMO E AVDA. JOSÉ ANTONIO.

Dase conta ao pleno da proposta da alcaldía de data 7 de febreiro de 2017, que copiada literalmente dí:

"En data 3 de novembro do 2016 o Pleno do concello de Meira, de acordo coa moción presentada polo grupo municipal do BNG:

"Moción para o cambio de nomes das avenidas "Do Generalísimo" e "José Antonio", establecer unha Comisión para o cambio de nomes da rúas antes citadas, conformada polo Alcalde e un representante de cada un dos grupos políticos presentes no Pleno para dar cumprimento na Lei de memoria histórica.
En cumprimento do Acordo sinalado no parágrafo anterior, en data 1 de febreiro do 2017, constitúese a Comisión na Casa do Concello ás dez horas coa finalidade de consensuar unha proposta para o seu debate e votación no Pleno da Corporación.
Como resultado do debate dos membros da Comisión, consensuase a seguinte proposta:

1. *Cambiar o nome da Avda. "do generalísimo" por "Avda. de Lugo".*
2. *Cambiar o nome da Avda. "José Antonio" por "Avda. da Cerca"*

Este Alcalde, no exercicio das competencias atribuídas pola lexislación vixente,

PROPÓN *ao Pleno da Corporación municipal:*

1. *Cambiar o nome da Avda. "do generalísimo" por "Avda. de Lugo" e cambiar o nome da Avda. "José Antonio" por "Avda. da Cerca"*

2. *Que se dé traslado do acordo do Pleno do concello de Meira aos seguintes organismos:*
   - *Administración xeral do Estado, subdelegación do goberno e ministerio de Facenda e Administracións Públicas.*
   - *Axencia Estatal de Administración Tributaria.*
   - *Comadancia da Garda Civil.*
   - *Instituto Nacional de Estadística, delegación en Lugo.*

- *Tesourería Xeral da Seguridade Social e INEM.*
- *Administración Autonómica, xefatura territorial da Xunta de Galicia en Lugo.*
- *Servizo de Galego de Saúde.*
- *Confederación Hidrogáfica do Miño-Sil.*
- *Deputación Provincial de Lugo.*
- *Rexistro da Propiedade da Fonsagrada.*
- *Notaría de Meira.*
- *Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos.*
- *Xerencia Territorial do Catastro.*
- *Gas Natural-Unión FENOSA.*
- *Telefónica.*
- *Entidades bancarias con operativa comercial en Meira.*

3. Que se lle dé publicidade a maiores inserindo una anuncio nun diario dos de maior tirada provincial."

De orde da presidencia, toma a palabra a concelleira do Grupo Político do PSdeG-PSOE, dona Maria de las Urdes Diaz Yanes, que manifesta que os nomes que se consideraron nun principio para a Avda. do Generalísimo era Avda. de Lugo ou Avda. Rio Miño, sendo válidos calquera dos dous, elixindo finalmente Avda. de Lugo. No que se refire a Avda. de José Antonio, á vista do escrito presentado polos veciños que propoñen que se denomine Avda. da Cerca, non hai ningún inconvinte por parte da comisión en dar por válido este nome, polo que se propón que a Avda. de José Antonio pase a chamarse Avda. da Cerca.

Asi mesmo manifesta, que por parte do concello se vai dar traslado aos organismos oficiais que figuran na proposta da alcaldía do acordo adoptado neste pleno, correspondente ao cambio do nome das rúas da Avda. do Generalísimo, e Avda. José Antonio, cara a cambiar o domicilio postal de todas as persoas afectadas de ditas rúas, e o mesmo tempo se lles facilitará a todos/as os/as interesados /as un modelo de impreso para comunicar este cambio.

De orde da presidencia, toma a palabra o voceiro do Grupo Político do PP, don Ramiro Pérez Freijo que manifesta que o seu grupo non entra en canto a poñer un nome ou outro, non están en contra de que se cumpra a Lei de Memoria Histórica, o que si quere deixar claro é que nun pleno celebrado no ano 2010 e que xerou unha grande polémica, xa se cambiara o nome destas rúas, poñendo á Avda. do Generalísimo o nome de Hnos. Vallejo, e non se levou a cabo, realmente neste momento o que estaríamos facendo sería cambiar o nome de Hnos. Vallejo por Avda. de Lugo.

O seu equipo de goberno (TEGA) foi o que aprobou o cambiar o nome das rúas (Avda. Generalísimo por Avda. Hnos. Vallejo, e Avda. José Antonio por Avda. Emilio Fernández), sen consensualo cos demais grupos políticos, e non o fixeron, xa que seguen co mesmo nome.

De orde da presidencia toma a palabra o voceiro do Grupo Político do BNG, don Felipe Nieto Pérez que manifesta que no ano 2010 el non era concelleiro, pero unha cousa si está clara, si se adoptou o acordo de poñer á Avda. do Generalísimo, o nome de Avda. Hnos Vallejo, dito acordo non se executou, durante o seu mandato (PP) cando colocaron as novas placas non cambiaron o nome destas rúas, polo que tamén son responsables, o que se pretende neste pleno é que o acordo adoptado se leve a cabo, e polo tanto que se proceda ao cambio efectivo de nome destas rúas.

Toma a palabra o señor alcalde que manifesta que o maior desprezo a toda esta xente o fixo o Grupo Político do PP, cando se votou este tema no ano 2010, abandonando o salón de plenos.

Sometida a votación a proposta da alcaldía de cambiar o nome da Avda. do Generalísimo, por "Avda de Lugo, e cambiar o nome de Avda. José Antonio, por Avda. da Cerca, o pleno por seis votos a favor, correspondentes aos cinco concelleiros do Grupo Político do PSdeG-PSOE e un concelleiro do Grupo Político do BNG, absténdose os tres concelleiros do Grupo Político do PP,

ACORDOU:

Primeiro: cambiar o nome da Avda. do Generalísimo, por "Avda. de Lugo", e cambiar o nome de Avda. José Antonio, por "Avda. da Cerca".

Segundo: dar traslado deste acordo aos distintos organismos oficial propostos, asi como facilitar a todos/as os/as afectados/as un modelo de impreso para presentar ante os diferentes organismos comunicando o novo domicilio."

E para que así conste e surta os efectos oportunos, expido a presente certificación, coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, de orde e co Visto e Prace do Señor Alcalde en Meira a 17 de febreiro de 2016

Visto e prace
O alcalde

Antonio de Dios Alvarez